



CONCELLO DE CASTROVERDE

INFORMACIÓN CAMPAMENTO DE VERÁN 2019

PRAZO DE INSCRICIÓNS: DO 10 DE MAIO Ó 10 DE XUÑO

Obxectivos:

- 1) Ocupar o tempo libre a través de aprendizaxes deportivas, educativas e recreativas .
- 2) Favorecer as relacións sociais e persoais.

Instalacións onde se levarán a cabo as actividades:

- No Pavillón Polideportivo
- Nas Piscinas Municipais
- Área Recreativa Veiga do Olmo
- Realizarán algunha que outra ruta a pé polo municipio ou saídas a outros lugares.

Duración:

Todo o mes de xullo e agosto.

Horario:

De luns a venres dende as 8:00 a 14:00 horas (excepto festivos)

De 8:00 a 10:30 h será a entrada dos nenos no pavillón polideportivo municipal, o horario de saída será de 13:30 a 14:00 horas do mesmo sitio (a non ser que os monitores indiquen outro lugar distinto).

Inscricións:

As inscricións realizaranse nas oficinas do Concello de Castrovverde de 9:00 a 14:00 horas. Deberán aportar unha foto coa solicitude.

Admitiranse como máximo 50 nenos/as por quincena. Terán preferencia para ser admitidos no campamento os nenos/as empadroados no Concello.

Unha vez finalice o prazo de inscrición o Concello poñerase en contacto coas familias dos nenos/as inscritos/as para indicarlles se foron aceptados ou non no campamento.

No caso de que foran aceptados requiriráselles que realicen o pago correspondente antes do 21 de xuño.

Prezos:

O custo por cada neno/a será de **120 €/mes**. Os nenos/as que leven empadroados no municipio de Castrovverde como mínimo 3 meses antes do inicio do prazo de inscrición terán unha subvención do concello do **50 %** polo que neste caso a inscrición por cada neno custaría **60 €/mes**.

Pagarase a metade do que corresponda se só se inscribe durante unha quincena.

Entenderanse por quincenas as seguintes:

XULLO		AGOSTO	
1ª QUINCENA	Do 1 ó 15	1ª QUINCENA	Do 1 ó 15
2ª QUINCENA	Do 16 ó 31	2ª QUINCENA	Do 16 ó 31

No caso de familias numerosas os custos serán os seguintes:

- Polo primeiro fillo/a pagaríase o 100% do custo da actividade
- Polo segundo fillo/a pagaríase o 50 % do custo da actividade
- Polo terceiro fillo en diante sería gratuíta a actividade

IMPORTANTE: O pago da actividade realizarase unha vez que se comunique se foi aceptado ou non no campamento e como data límite terá ata o 21 de xuño para realizar o ingreso , no seguinte número de conta: ES46-2080-0112-7031-1000-0042.

O ingreso farase individualmente por cada neno/a. Á hora de realizar o ingreso deberase especificar no concepto o seguinte: **CAMPAMENTO** e nome e apelidos do neno/a.

SERÁ OBRIGATORIO ENTREGAR O XUSTIFICANTE DE PAGO NAS OFICINAS DO CONCELLO ANTES DO 26 DE XUÑO.

NOTA: Todos os días cada neno/a deberá traer a súa mochila co bocadillo e bebida para media mañá así como roupa de baño, gorra e crema solar para poder ir á piscina. Tamén traerá sempre posta unha das camisetas que lle será entregada polos monitores do campamento.